



Concello de
Ortigueira



BENVID@S AO MUNDO CELTA!

#ORTIGUEIRA

O FESTIVAL, HISTORIA

LOXÍSTICA

PROGRAMACIÓN 2018

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

CONCURSO DE NOVOS VALORES DA MÚSICA FOLK - PROXECTO RUNAS

BANDAS DE GAITAS E ACTIVIDADES MUSICAIS A PÉ DE RÚA

OBRADOIROS

FEIRA DE ARTESANÍA

EXPOSICIÓNS

ACTIVIDADES NO TEATRO

CONCERTO NA IGREXA

RECOMENDACIÓNS E INFO PRÁCTICA

zona de lecer

aparcadoiros vixiados

liña de buses urbanos

teléfonos de interese

BANDAS 2018

CONTACTOS E AGRADECEMENTOS

1. BENVID@S AO MUNDO CELTA!

1.1 #ORTIGUEIRA

Sobre o mapa, este territorio do norte de Galicia destaca polo seu tamaño. A localidade, de pouco máis de 7.000 habitantes, situada á metade do camiño que une Ferrol e Viveiro, constitúe un espazo rural por descubrir que apenas adiviñan, na súa magnitude, quen a visita cada ano para gozar do folk e da festa global do Festival do Mundo Celta.

A súa ría protexida de importancia internacional, unha costa salvaxe, allea ao boom do ladrillo, o seu patrimonio rehabilitado, a boa mesa e a hospitalidade das súas xentes converten o municipio en destino perfecto para quen procure a tranquilidade e non se conforme con sol e praia. Se che quedan enerxías despois da noite de concertos, propoñémosche a mellor actividade paralela. Despreguízate, colle o necesario, e aproveita o día para perderte por esa Ortigueira descoñecida; recomendable para visitar sen agobios.

CHEGAR: a principal vía de comunicación é a estrada AC-862 de Ferrol a Foz e Ribadeo, que se une en Neda coa AP-9 pola que se chega á Coruña (99 Km). A distancia ata Ferrol é de 53 Km. Outra posible opción, dende Madrid, é coller a autovía A-6 ata o desvío de Rábade (saída 510) ou Baamonde (saída 523). Pasando por Vilalba e As Pontes, chégase a Ortigueira pola AC-101. (ver no web www.festivaldeortigueira.com todas as opcións de transporte público).



1.2 O FESTIVAL



O Festival do Mundo Celta de Ortigueira **nace** dun proxecto que os membros da **Escola de Gaitas** idean tras unha visita ao Festival de Lorient en **1978**.

Obtén os galardóns de Interese Turístico Galego e Nacional e, en 2005, é declarado **Festa de Interese Turístico Internacional** polo Ministerio de Industria Español, converténdose así nunha plataforma dende a que o mundo enteiro coñece Ortigueira e a súa comarca. En 2014 obtén o **Premio Cultura Galega** na modalidade de música.

Nas súas pasadas edicións, foron máis de **70.000 persoas** as que acudiron a este evento cultural. Non hai dúbida de que a calidade artística e cultural acadada polo Festival, non se verá minguada en futuras edicións. Ano a ano, aumenta o investimento en infraestruturas, servizos e recursos humanos para poder acoller á gran cantidade de persoas rexistradas e poder garantir en todo momento a súa seguridade e disfrute.

Todo isto, implica un importante esforzo económico no que o Concello de Ortigueira está totalmente inmerso xunto cos patrocinadores públicos e privados. Cos novos criterios de xestión instaurados, o Festival consolídase definitivamente como referente cultural e un importantísimo motor económico.

2. PROGRAMACIÓN 2018



INAGURACIÓN: XOVES 12 DE XULLO

20.00 h - PRAZA DE ISABEL II.

Presentación do Festival na Praza do Concello con presenza de patrocinadores e artistas, Actuación da **Escola de Gaitas de Ortigueira**, **The National Youth Pipe Band of Scotland**, e a **Banda de Gaitas de Villaviciosa (Asturias)**

Despois da presentación das autoridades e patrocinadores, a Escola interpretará o himno galego, e procederase ao izado das bandeiras das nacións celtas.

Posteriormente as bandas dirixiranse a Alameda, onde a National Youth Pipe Band of Scotland dará un pequeno concerto para o público asistente.

A partir das 22 horas comezarán as actuacións no escenario Estrella Galicia.

2.1 ACTUACIÓNS NO ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

XOVES 12 DE XULLO

22 h **FINALISTAS PROXECTO RUNAS**
22 h BRUMAFOLK - Cantabria
23 h THE TAVERNERS - Castela e León
00 h BELTAINE - Polonia

01 h **ÍMAR** - Escocia / Gales

VENRES 13 DE XULLO

22 h **ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA** - Galicia
23:30 h **THE NATIONAL YOUTH PIPE BAND OF SCOTLAND** - Escocia
01 h **KILA** - Irlanda
02:30 h **RUBÉN ALBA** - Asturias

SÁBADO 14 DE XULLO

22 h **OS D'ABAIXO** - Galicia
23:30 h **MILLADOIRO** - Galicia
01 h **YVES LAMBERT PROYECT** - Canadá
02:30 h **GABRIEL G DIGES** - Irlanda

DOMINGO 15 DE XULLO

22 h **AIRIÑOS DE FENE** - Galicia
23.30 h **LÚNASA** - Irlanda
01 h **THE CELTIC SOCIAL CLUB** - Bretaña

2.2 CONCURSO DE NOVOS VALORES DA MÚSICA FOLK - PROXECTO RUNAS.

Este concurso internacional no que participan grupos de procedencia nacional e internacional lévase convocando desde o ano 2000. Máis de 100 bandas de diferente procedencia pasaron xa por este concurso.

Beltaine, de Polonia, **The Taverners**, de Castela León, e **Brumafolk**, de Cantabria, son **os FINALISTAS de 2018**. Actuarán **en Ortigueira o 12 de xullo**. Cada grupo percibirá ademais **1.500 €** e terá a posibilidade de actuar en 2019.

O concurso recibiu a **participación de 19 bandas**, de diversos países e comunidades autónomas. Os tres grupos finalistas determináronse por un sistema de **cinco votos**. Un voto saíu das votacións do público na páxina web. Os outros catro proceden dun xurado composto por músicos, xornalistas musicais e promotores seleccionados polo Concello con anterioridade ao voto emitido desde a web.

XOVES 12 DE XULLO

22 h	FINALISTAS PROXECTO RUNAS
22 h	BRUMAFOLK - Cantabria
23 h	THE TAVERNERS - Castela e León
00 h	BELTAINE - Polonia

2.3 BANDAS DE GAITAS E ACTIVIDADES MUSICAIS A PÉ DE RÚA

Unha das características do Festival de Ortigueira é a participación de **centos de gaiteros e músicos a través das diferentes agrupacións de bandas de gaitas** que acoden cada edición. Temos confirmada para este 2018 a presenza de:

- Escola de Gaitas de Ortigueira - Galicia
- Banda de Gaitas de Ladrado - Galicia
- Banda de Gaites de Villaviciosa - Asturias
- Bagad Kreven Sant Mark - Bretaña
- The National Youth Pipe Band - Escocia
- Banda de Gaitas Arume de Malva - Galicia
- Agrupación Tradicional Airiños de Fene - Galicia

As diversas actividades que se desenvolverán son:

VENRES 13 DE XULLO

12.30 h. Pasacalles: **Banda de Gaitas de Villaviciosa.**

Percorrido: Avda. Escola de Gaitas (Gadis) – Avda. As Pontes - Alameda.

13 h. Pasacalles: **The National Youth Pipe Band**

Percorrido: Biblioteca – R/ X. Buide – R/ Eugenio Lopez - R/Fco Santiago - Cantón – Alameda.

18.30 h. Pasacalles: **Banda de Gaitas Ximiela.**

Percorrido: Biblioteca – R/Xose Buide – Avda. Escola de Gaitas – Avda. Cuba - Cantón.

19.30 h. Pasacalles: **Banda de Gaitas Arume de Malvas**

Percorrido: R/ Magdalena -R/Carmen- Cantón – Alameda.

SÁBADO 14 DE XULLO

12.30 h. Pasacalles: **Banda de Gaitas Ximiela.**

Percorrido: Avda. Escola de Gaitas (Gadis) - Avda. As Pontes - Alameda

13.30 h. Pasacalles: **Banda de Gaitas Arume de Malvas**

Percorrido: Biblioteca - R/Xose Buide – Avda. Penela.

18.30 h. Pasacalles: **The National Youth Pipe Band**

Percorrido: Biblioteca - R/Xose Buide - R/Eugenio Lopez - R/ Fco Santiago - Canton- Alameda.

19.30 h. Pasacalles: **Banda de Gaitas de Villaviciosa.**

Percorrido: Biblioteca - R/Xose Buide – Avda. Escola de Gaitas – Avda. Cuba - Cantón.

DOMINGO 15 DE XULLO

11.30 h. DESFILE DE BANDAS DAS NACIÓNS CELTAS

Percorrido: Alameda - Avda. As Pontes. Avd. Escola de Gaitas (Gadis) - Avda. Escola de Gaitas - Cruce da Praia (A Perla)- R/Xose Buide - R/Fco Santiago - Cantón.

As bandas que desfilarán facendo o seu percorrido polas rúas do casco urbano de Ortigueira son:

- **Escola de Gaitas de Ortigueira - Galicia**
- **Banda de Gaitas Arume de Malvas - Galicia**
- **Agrupación Tradicional Airiños de Fene - Galicia**
- **Banda de Gaitas San Pantaleón. - Galicia.**
- **Banda de Gaitas de Villaviciosa - Asturias**
- **Banda de Gaitas Ximiela - Galicia.**
- **Banda de Gaitas Dambara de Burela - Galicia.**
- **The National Youth Pipe Band - Escocia.**

18 h. PRAZA DO CONCELLO.

Actuación do **Grupo de Gaitas de Ladrado.**

19 h. PRAZA DO CONCELLO

Actuación da **Banda de Gaitas San Pantaleón.**

2.4 OBRADOIROS

Outra das actividades propias do Festival é o desenvolvemento de obradoiros especializados de música e/ou relacionados con ela. Sempre se desenvolven na semana do Festival.

Nestas datas estamos seleccionando as actividades, pero en anos pasados realizáronse obradoiros de baile galego, baile irlandés, composición para gaita, construción de palletas, guitarra folk, bouzuki.

Este ano os obradoiros que se convocan son:

- Iniciación á Zanfona
- Iniciación ao Bodhran
- Iniciación al Tin Whistle y al Low whistle.
- Baile galego.
- 3º obradoiro de fotografía na rúa, con Xulio Villarino

OBRADOIRO: INICIACIÓN Á ZANFONA

Sábado 14 xullo

Grupo 1: 10-14 h

Grupo 2: 16-20 h

Lugar: Instituto de Ortigueira

Prezo: 10 euros.

Un ano máis, o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira contará co obradoiro de iniciación á zanfona impartido por Óscar Fernández.

O obradoiro consistirá nunha introdución ao instrumento, do que non é necesario dispor, na que se verá como funciona a zanfona, as súas partes, afinación, melodías sinxelas, en grupo, cantares de cego...

O docente, Óscar Fernández, leva impartindo aulas regulares en Narón, Santiago de Compostela e A Coruña dende o 2001, así como cursos en Galicia, Alicante, Barcelona, Gannat (Francia) e Narol (Polonia). Por outra parte, tamén participou en varias producións como zanfonista, arranxista e compositor.

Dispónse de suficientes zanfonas. As prazas son limitadas, 18 prazas en total, que irán cubríndose por orde de inscrición, a cal realízase por mail en obradoiros.festival@concellodeortigueira.com
O custo do curso son de 10 euros.

CURSO DE TIN WHISTLE Y LOW WHISTLE

Venres 13 e sábado 14 de xullo

Horario: de 10 a 13 h e de 17 a 20 h.

Lugar: Instituto

Prezo: 10 euros

Trátase de unha aproximación a este instrumento de vento, con todas as súas variantes.

Requisitos previos: coñecementos, técnica e experiencia básica co instrumento ou similar (gaita, frauta etc.)

Instrumento propio: tin whistle o low whistle afinado en Re(si é posible).

Máximo de alumnos: 12-15

Contidos do curso:

-Técnica de execución e respiración.

- Articulación e ornamentación.
- Repertorio e estilos.
- introdución a variación
- Diferenzas entre tin whistle e low whistle: colocación, respiración e acentuación.
- O whistle en directo: como amplificar e ecualizar o instrumento.
- O whistle na sesión: como elixir, enlazar temas por tonalidade e estilo, maneiras básicas de convivencia nunha sesión.

Impartido por Fausto Escrigas, músico.

As **prazas son limitadas** e irán cubríndose por orde de inscrición, a cal realízase por mail en obradoiros.festival@concellodeortigueira.com.
O custo do curso son 10 euros.

CURSO DE BODHRAN

Venres 13 e sábado 14 de xullo

Horario: de 10 a 13 h e de 17 a 20 h.

Lugar: Instituto

Prezo: 10 euros

Trátase da introdución a este instrumento tradicional. Contido do curso:

Breve introdución o instrumento.

- Suxeición do bodhran e do tipper.
- Localización dos diferentes sons no instrumento.
- Coordinación das mans. -
- Exercicios e ritmos básicos.
- Ampliación de patróns rítmicos.
- Diferentes estilos de acompañamento.

E aconsellable dispor de instrumento propio e coñecementos básicos do mesmo.

Disporase de algúns instrumentos para o curso.

Curso impartido por Pablo Vergara, músico.

O número máximo de alumnos é de 12.

As prazas son limitadas e irán cubríndose por orde de inscrición, a cal realízase por mail en obradoiros.festival@concellodeortigueira.com.

CURSO DE BAILE GALEGO

Sábado 14 de xullo

Horario: de 16 a 20 h.

Lugar: Instituto

Gratuíto

Impartido por membros da Agrupación Gamelas e Anduriñas.

Contido do curso

Nocións básicas de baile tradicional galego.

Tipos de baile e variacións de estilo.

Este curso é gratuíto.

As prazas son limitadas e irán cubríndose por orde de inscrición, a cal realízase por mail en obradoiros.festival@concellodeortigueira.com.

CURSO DE FOTOGRAFÍA DOCUMENTAL

A Asociación cultural GALIOART desenvolverá por terceiro ano consecutivo o obradoiro de fotografía documental de rúa, coincidindo co 40 aniversario do Festival Internacional do Mundo Celta.

O obxecto é documentar o evento dende un punto de vista singular. Ademais, este ano 2018 contarase coa participación do fotógrafo docente Xulio Villarino, quen trasladará a súa visión aos participantes do obradoiro.

O curso impartirase dende a tarde do venres 13 de xullo ata o domingo 15 e conta cun límite máximo de 15 participantes. Por outra banda, o prezo por alumno é de 110€.

Para máis información e inscricións en galoart.fotografia@gmail.com ou 652 65 93 87.

2.5 EXPOSICIÓNS

Deséñanse sempre **dúas exposicións** de diferente temática: unha para o claustro do Concello e outra para o Centro de Recepción, no porto.

Unha delas é de **fotografías** relacionadas co Festival e a outra exposición é dos **carteis** do Festival desde 1978.

Ademais diso estamos abertos a novas fórmulas culturais que se irán perfilando os próximos meses. O horario das exposicións é de 12 a 20 h.

2.6 ACTIVIDADES NO TEATRO

Este ano presentamos **dous documentais** de primeira liña:

VENRES 13 DE XULLO - 18 h

- "De Voces Ceibes a Milladoiro. Unha memoria do Movemento Popular da Canción Galega (1973-1978)".

Un documental de Casa de Tolos, guionizado polo músico Antón Seoane, membro fundador de Milladoiro e coñecedor do Festival desde seus orixes e dirixido por S. Grandío e o mesmo Antón Seoane. Contará coa súa presenza no Teatro.

O contido e a referencia a historia da música de Galicia no período 1973 - 1978, que deu lugar ao nacemento da música folk en Galicia.

Un documento único dos orixes desa época e do Festival de Ortigueira.

Teatro da Beneficencia de Ortigueira.

O documental ten unha duración de 2 h

Entrada libre con aforo limitado.

SÁBADO 14 DE XULLO - 20 h

- "Festival de Ortigueira: 40 anos de ilusión"

Un documental, encargo do Concello, para describir a historia do Festival desde seus orixes, con entrevista a antigos alcaldes, publico en xeral, organizadores do Festival, músicos.....

un documento único en estrea mundial....

realizado por Casa de Tolos para o Concello de Ortigueira e patrocinado por Gadis.

Coa presenza de protagonistas e invitados.
Unha aproximación aos orixes, evolución e actualidade do Festival...
Teatro da Beneficencia de Ortigueira.
O documental ten unha duración de 1h
Entrada libre con aforo limitado.

DOMINGO 15 DE XULLO - 17 h

PROGRAMA EN DIRECTO DA RADIO GALEGA "LUME NA PALLEIRA"

Dirixido por Emilio Espadañero.
Con entrevistas, actuacións e comentarios en xeral do Festival e dos artistas participantes.
Entrada libre con aforo limitado

DOMINGO 15 XULLO - 20 h

DOCUMENTAL "Festival de Ortigueira: 40 anos de ilusión" Segundo pase.

2.7 CONCERTO NA IGREXA

SÁBADO 14 DE XULLO - 18 h

Cunha colaboración especial do mestre **Ernesto Campos**, presentase no Festival un novo proxecto musical onde se mesturan a gaita cos instrumentos de corda e vento dando lugar a unha pequena orquestra de cámara folk e coa participación de voces.
Interpretaranse temas tradicionais da música galega desde un punto de vista persoal.
A experiencia do director e dos participantes invita a asistencia deste espectáculo único.

Igrexa de Santa Marta
Sábado 14 de xullo. 18 h
Entrada libre con aforo limitado.

2.8 FEIRA ARTESANÍA

Funciona durante todos os días do Festival. Artesáns de toda España acoden cada ano a Ortigueira a expoñer e vender os seus produtos artesanais.
Xoves 12 de xullo ás 17 h ata madrugada do domingo 15 de xullo.
O horario é de 12 a 02 h, todos os días.

Zona de lecer e acampada

Na zona de Morouzos encóntrase a zona de acampada e de lecer do Festival. Está dotada de duchas e aseos e dispón de zona de restauración.

A ZONA DE ACAMPADA É EXCLUSIVAMENTE A ZONA DO EUCALIPTAL, e está sinalada.

Dispón de transporte urbano desde o casco urbano ao prezo de 1 euro/traxecto.

O RESTO DE ZONA DUNAR E PIÑEIRAL ESTÁ PROTEXIDA E NON SE PODE ACAMPAR. Existen carteis indicadores.

Aparcadoiros vixiados

Situados na entrada do casco urbano na zona de Barbos, dirección Espasante, e dispón de vixilancia durante 24 h.

A taxa por aparcar a moto, coche, caravana ou bus, de un só pago e por unha soa vez é:

Dia de entrada	Motos - coches	Caravanas e similares	Buses
Mércores, xoves e venres	15 €	30 €	45 €
Sábado	10 €	20 €	30 €
Domingo	Sen cargo	Sen cargo	Sen cargo

Ten dispoñible o **servizo de buses urbanos**, que acercan aos usuarios ata a zona de acampada o ata o casco urbano por un prezo de 1 euro por traxecto, cun unha frecuencia máxima dunha hora.

Os buses comezan o servizo o xoves 12 as 15 h.

Ante os problemas de espazo para aparcamento , recoméndase o seu uso

Comeza a funcionar o mércores 11 de xullo as 20 h.

Liña de buses urbanos

Funcionan desde o xoves 12 as 15 h ata o domingo 15 as 03 h, con frecuencias cada hora, en horario ininterrompido de 10:30 h ata as 6 da madrugada,.

As paradas están no - aparcadoiro de Barbos.

- fronte a estación de Feve

- na rotonda da praia.

O prezo é dun euro por viaxe.

HORARIOS BUSES

Xoves 12/07 _____ Servizo continuo desde as 15 h ata as 06 h.
Venres 13/07 _____ Servizo continuo desde as 10:30 h ata as 06 h.
Sábado 14/07 _____ Servizo continuo desde as 10:30 h ata as 06 h.
Domingo 15/07 _____ Servizo continuo desde as 10:30 h ata as 03 h.

Buses a/desde Ortigueira

A ORTIGUEIRA

Venres 13 xullo

LUGO - ORTIGUEIRA	15 h
SANTIAGO - ORTIGUEIRA	15 h
A CORUÑA - ORTIGUEIRA	15 h
FERROL - ORTIGUEIRA	15 h

DESDE ORTIGUEIRA

Domingo 15 xullo

ORTIGUEIRA - LUGO	11 h
ORTIGUEIRA - SANTIAGO	11 h
ORTIGUEIRA - A CORUÑA	11 h
ORTIGUEIRA - FERROL	11 h

Teléfonos de interese

Garda civil 062

Emerxencias 112

Policía Local 696.44.68.63 / 64

Concello de Ortigueira 981 40 00 00

Turismo peirao 981.42.20.89

Turismo estrada xeral 981.97.41.03

Renfe Ferrol 981.37.05.29

Buses Arriva 981.31.12.13

Outras recomendacións

Toda a zona de descanso e acampada está situada nunha zona protexida con alto valor ecolóxico que debemos protexer entre todos. Por esa razón, e moi importante:

- **EVITAR PISAR AS DUNAS**
- **UTILIZAR AS PAPELEIRAS E CONTEDORES**
- **NON FACER LUME**
- **NON ACAMPAR NO AREAL E NO PIÑEIRAL**
- **NON MALGASTAR A AUGA**
- **DEIXA NA CASA OS ANIMAIS DOMÉSTICOS**
- **RESPECTA A NATUREZA**
- **COIDA O TEU CONTORNO PARA TER UN FESTIVAL INESQUECIBLE**

RELACIÓN DE BANDAS 2018

XOVES 12 DE XULLO

PROXECTO RUNAS-BRUMA FOLK | 22 h



Formado en Cantabria a comezos do 2009 por catro artistas unidos pola gran afección á música folk, Bruma Folk é o segundo finalista do proxecto Runas.

Apostando por un folk persoal, cada membro do grupo aporta diferentes ideas, non centrándose así nun só tipo de música en concreto.

Bruma Folk conforma un fresco proxecto de música folk baseado en propias composicións e en reelaboracións de temas populares.

brumafolk.com

PROXECTO RUNAS-THE TAVERNERS | 23 h



Falar de The Taverners é falar de festa e baile de 0 a 99 anos.

The Taverners, terceiros finalistas do proxecto Runas, é unha formación de folk irlandés. Creado a comezos do 2015 en Burgos, realizaron máis de 100 concertos en pouco máis de dous anos. Ofrecen concertos nos que o público acaba coreando e bailando as súas cancións.

O seu son bebe das raíces da música popular irlandesa, con toques de country e folclore español, cun repertorio propio na súa maioría.

facebook.com/thetaverners

PROXECTO RUNAS-BELTAINE | 00 h



Considerado como un dos grupos máis interesantes de música internacional de Polonia, é o primeiro finalista do proxecto Runas deste 2018. Seu distintivo son é o resultado da unión entre as diferentes personalidades e experiencias musicais dos seus membros. Experimentan unha fusión entre a música folk tradicional e a contemporánea. Personalizou a súa música dándolle unha textura fresca, orixinal e pegadiza.

beltaine.pl

ÍMAR | 01 h



Moitas son as razóns para entusiasmarse coa nova formación Ímar, un grupo de cinco compoñentes con sede en Glasgow, unha aliñación que presenta membros actuais e anteriores de Mànrán, RURA, Talisk, Barrule, Cara, Mabon e The Lowground.

A pesares de vivir en Glasgow e que só un membro sexa de Irlanda, todos contan cunha gran experiencia no campo da música irlandesa. Estas bases sustentan moitas das distintivas calidades en instrumentación e material de Ímar, ao tempo que resaltan á evolución cíclica da

escena popular máis ampla de Escocia.

A combinación de comunalidade e diversidade de antecedentes e influenzas, é o que impulsa a sinerxía inconfundible de Ímar, centrada entre Escocia, Irlanda e a Illa de Man.

imarband.com

VENRES 13 DE XULLO

ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA | 22 h



Creada polo mestre de escola Xabier Garrote no 1975 e dirixida na actualidade por Rodrigo López, foi a formación fundadora do Festival.

A Escola de Gaitas de Ortigueira conta con 27 gaiteiros, 6 caixas e tamborís, 3 cuncheiras, 9 pandeireteiras, un bombeiro e un grupo de baile. En total está composta por máis de corenta e seis integrantes de idades diferentes. O seu repertorio predominante é puramente tradicional de música e baile galego. A agrupación influenciada

por aires celtas, participa todos os anos na sesión de concertos do venres.

facebook.com/Escola-de-Gaitas-de-Ortigueira

THE NATIONAL YOUTH PIPE BAND OF SCOTLAND

23:30 h



Unha banda escocesa para rapaces entre 10 e 25 anos. Creada no 2002 por The National Piping Centre, ofrece un desenvolvemento de oportunidades para os seus novos membros e unha experiencia excepcional para a audiencia. A súa música está deseñada para retar aos intérpretes, ao mesmo tempo que entreteñen a audiencia. O seu repertorio é seleccionado polos membros máis maiores

e ás veces inclúe moitas composicións propias. A National Youth Pipe Band of Scotland é un dinámico, emocionante e moderno xiro da experiencia tradicional da banda de gaitas. Presentan o proxecto Thunderstorm, unha visión da música rock desde o mundo da gaita.

thepipingcentre.co.uk

KILA | 01 h



Fundada en Dublín a finais dos 80, Kila é considerada como unha das bandas irlandesas máis innovadoras e emocionantes.

O seu son único conta con raíces no tradicional e con influencias e ideas procedentes de todo o mundo. Kila fusiona os efectos das súas propias melodías, letras e instrumentos do folk irlandés. O resultado é unha fresca mestura de instrumentais a ronda solta e ritmos primordiais que transcenden os límites tradicionais da música irlandesa.

Kila están amplamente renovados para os seus enerxéticos espectáculos que xa realizaron en máis de 30 países e notables festivais.

kila.ie

RUBÉN ALBA | 02:30 h



Nacido en 1984, o gaiteiro asturiano, Rubén Alba, gañou o Trofeo Macallan nos anos 2002 e 2006.

Comezou a tocar a gaita con tan só 11 anos na 'Banda de Gaitas Tabladar'. Presentouse por primeira vez a un concurso con 14 anos, no que quedou de primeiro. A partir diso, comezou a participar con outras agrupacións, a gañar máis concursos e actuar en diferentes festivais.

Comeza como músico solista en diferentes formacións e colabora con varios grupos despois de participar en distintos festivais de gaita

internacionais.

Rubén Alba leva á gaita a unha fusión celtic/folk para o século XXI con composicións propias cunha visión actual partindo da música tradicional.

facebook.com/rubenalbagaiteiro

SÁBADO 14 DE XULLO

OS D'ABAIXO | 22 h



Os d'Abaixo apareceron no ano 2010 co obxectivo de promover e animar bailes e festas tradicionais na contorna de Compostela. O seu repertorio recolle algunhas das pezas populares máis coñecidas da música galega xunto con novas achegas de fontes tradicionais ou de nova composición.

O que pretenden é ofrecer unha escolma de música cargada de forza e enerxía que leve ao baile e á foliada ao xeito de antes. Son un grupo no que se atopa xente que toca por afección e leva toda a vida vinculada ao folclore galego, xunto a músicos profesionais de gran traxectoria en bandas como Berrogüetto ou Fía na Roca.

osdabaixo.com

MILLADOIRO | 23:30 h



Seguramente Milladoiro sexa un dos grupos de folk celta máis antigo do noso país. 40 anos de historia e unha longa tarefa de reivindicación e recuperación da música tradicional galega os avalan.

Milladoiro ten demostrado nestes anos a súa versatilidade, non só en colaboracións con outros grupos ou traballos, senón tamén como banda sonora da película de Manuel Gutiérrez Aragón "La mitad del cielo", pola que gañaron o Goya en 1986 á mellor B.S.O.

O seu último disco publicouse este mesmo ano, trátase dunha gravación

en directo de 2014 no XXX Festival Intercéltico de Ortigueira (A Coruña) para conmemorar a longa relación que Milladoiro mantén con este festival desde os seus inicios.

milladoiro.gal

YVES LAMBERT PROJECT | 01 h



Yves Lambert, co-fundador e membro do grupo de culto de Québec, La Bottine Souriante, formou en 2004 a Bébert Orchestra. Deste novo equipo brota a xenerosidade e autenticidade.

Exploran sonoridades mestizas dentro dunha gran fusión de estilos. Os seus traballos respectan un equilibrio entre autenticidade e o tratamento artística da fonte musical de tradición. O seu repertorio conta con cancións tradicionais actualizadas que forman un espectáculo explosivo e creativo, que se move entre a sensibilidade humana e a necesidade de

facen festas. Lambert, mediante este proxecto, dá un repaso a súa carreira cunha visión persoal dos últimos cincuenta anos da evolución da música tradicional no Quebec

<http://yveslambert.com/en/>

GABRIEL G. DIGES | 02:30 h



Participaron dúas veces no Proxecto Runas, en 2015 e 2017, concurso no que os músicos son avaliados por un xurado experto na materia. Chegando por segunda vez á final, a banda irlandesa conseguiu facerse co primeiro posto no 2017, sendo esta edición parte do cartel do Festival.

A banda conseguiu gañarse a todos os espectadores facendo que bailaran e vibraran ao son dun repertorio enerxético.

Resalta a súa boa calidade de directo, así como a súa técnica e calidade musical e se lle augura unha gran proxección.

facebook.com/gabrielgdiges

DOMINGO 15 DE XULLO

AIRIÑOS DE FENE | 22 h



A Banda de Gaitas Tradicional “Airiños de Fene” nace en 1987 e ten como obxectivo primordial a recuperación, transmisión e difusión da nosa música tradicional, usando sempre instrumentos tradicionais.

Ademais da Banda de Gaitas, Airiños de Fene conta cun Grupo de Baile “Cambadela”, dous grupos de Cantareiras “Xerfa” e “Xirifeiras” e un coro de voces mixtas “TradiCoro”. As distintas seccións de Airiños de Fene están dirixidas por Miguel Doval, Chus Niebla e Gisela Sanmartín. Desde a súa fundación, organiza

todos os anos unha Xuntanza de Gaiteiros onde os distintos grupos, bandas ou músicos dan a coñecer, o mellor do seu repertorio, así como o intercambio de proxectos e ideas para potenciar as nosas tradicións e darlle pulo ó uso dos nosos instrumentos tradicionais.

airinosdefene.es

LÚNASA | 23.30 h



Debido a súa gran aceptación e éxito entre o público de Ortigueira no concerto no marco do ciclo “Festival no Teatro” este pasado 13 de abril, Lúnasa non podía faltar nesta edición. Non será a primeira vez que actúen no Festival de Ortigueira, xa que xa actuaron no ano 2005.

O quinteto, formado por Sean Smyth, Kevin Crawford, Trevor Hutchinson, Edmund Boyd e Cillian Vallely, nace no 1997, e ao realizar

o seu primeiro CD de estudo e xira por Estados Unidos, convértese nun dos grupos máis populares a nivel internacional no panorama da música celta, sendo denominado como “o grupo acústico irlandés con máis forza”. Inspirado en grupos irlandeses dos anos 70, Lúnasa intercala melodías de vento con instrumentos máis fortes, sumando frautas, gaitas, etc.

lunasa.ie

THE CELTIC SOCIAL CLUB | 01 h




Creado en 2013 polo batería e produtor Manu Masko, The Celtic Social Club é fiel ás súas raíces, pero está sempre aberto a novas aventuras.

Formado por Manu Masko, Jimme O'Neill, Mathieu Pequeriau, Ronan Le Bars, Richard Puaud, Pierre Stephan e Goulven Hamel, o grupo alcanza un enerxético equilibrio entre reggae, tradición, hip-hop, rock e dubstep, ofrecendo co seu repertorio unha fresca visión das melodías celtas de Bretaña, Irlanda, Escocia e Asturias, ademais de procurar evitar clichés e estereotipos. A súa música é unha adaptación moderna da música celta, creando así unha síntese entre o contemporáneo e o tradicional.

O grupo realizou concertos en diferentes países, como Francia, Alemaña, Suíza, EE.UU...

celticsocialclub.com

AMIGAMOS?



web

Desde **festivaldeortigueira.com** ofrecemos toda a información do evento. Con históricos de carteis, galerías de imaxes, e tamén paseos polos arredores, música, instrumentos e gastronomía do mundo celta, etc.



facebook

Aquí xuntámonos máis de **18.000** **amig@s**. Estamos moi agradecidos a tod@s!



twitter

Os followers do mundo celta continuamos crescendo, xa somos case **3.000!** ☺



instagram

Unha foto en Ortigueira? máis de **1.500** xa a teñen! síguenos e comparte! ☺



youtube

Todos os vídeos do festival están na canle en Youtube!

Contactos

Concello de Ortigueira

info.festival@concellodeortigueira.com
concellodeortigueira.com

Prensa e redes

981138225 - Elisardo de la Cruz
658811400 - Ramón Roldán

prensa@festivaldeortigueira.com
festivaldeortigueira.com



web www.festivaldeortigueira.com



facebook facebook.com/festivaldeortigueira



twitter twitter.com/festortigueira



instagram instagram.com/festivaldeortigueira



youtube youtube.com/festivaldeortigueira

Agradecemento especial

O Concello de Ortigueira agradece o esforzo e a implicación de todas as persoas que forman parte da organización, traballadores/as do Concello, colaboradores, **empresas, colectivos e persoas** que apoian e fan crecer cada ano máis a este evento. E a todos e todas os que gozades do mundo celta.

Goza da festa, vémonos en Ortigueira!

#Ortigueira2018 #MundoCelta #SomosFolk



ORGANIZA



Concello de
Ortigueira

COLABORA



PATROCINAN



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA *galicia*



//ABANCA